



## Parlamento das Letras: Xosé Ramón Pena

Publicado o [15/02/2012](#)

*Xosé Ramón Pena escribe como vive, de bolina, tratando de capear os ventos literarios en proveito da nave da cultura de noso, na que é persoeiro destacado dende hai décadas.*

*De primeiras fíxolle cóxegas a Erato. A Transición abría un mundo de expectativas e el experimentou aquela vertixe sendo estudante en Compostela, partillando ilusións cos colegas de Alén, aquel grupetto lírico de benquerenzas da Galicia grande das dúas beiras do Miño e os cinco continentes.*

*Logo os aires viraron e o paixón pola narrativa fíxolle ir halando textos ata vogar en títulos que foron O reverso do espello (1984), Para despois do adeus (1987), Paixóns privadas (1991), A era de Acuario (1997), Fado de princesa (2005) ou A batalla do paraíso triste (2008).*

*Mais non esqueceu polo camiño a manobra ensaística e deixou marcada foula nos estudos sobre a Vangarda galega e a nosa literatura medieval, nos que é autoridade amplamente recoñecida.*

*Hoxe é capitán dun dos nosos suplementos de referencia, “Faro da Cultura” (Faro de Vigo), e prodiga os seus saberes como catedrático vigués de Ensino Medio e profesor da uned.*

*Nas liñas que seguen figúrase un autorretrato literario, de corpo enteiro, dunha voz clave da nosa literatura recente.*

**—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?**

O meu primeiro libro, *Alén*, publiquéino conxuntamente con Miguel A. Mato e F. Salinas Portugal na editorial Follas Novas. Os nosos “padriños” foron José Luis Rodríguez —o noso verdadeiro mentor naquela aventura— e D. Ricardo Carvalho Calero, que nos fixo un tan inmerecido da nosa parte como, da súa, magnífico prólogo.

**—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?**

A mellor tratada creo que foi —estou falando da narrativa, non do ensaio e demais— *A batalla do paraíso triste*. A que pasou máis desapercibida creo que foi *A era de Acuario*. ¿Por que pasou isto? Sinceramente, non o sei. Imaxino que, ao mellor, cando saíu *A era de Acuario* —que é unha novela de iniciación, con moitos elementos autobiográficos— non estaba de moda ese tipo de narracións, interpretouse que era algo así como “máis do mesmo”... En fin, é difícil precisalo.

**—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?**

Se é narrativa, escribo sempre pola noite e corrijo pola mañá ou polo mediodía. Cando estou metido nunha aventura desas, escribo todos os días, aínda que logo o que escribín vaia para o lixo. Ademais diso... non creo que teña ningunha teima especial ou rara.

**—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?**

Pois duns cantos, pero, a verdade é que me dá “corte” dicir ao lado de cales porque, de certo, non merezo estar ao seu lado. Non se trata de franciscanismo nin de falsa modestia; é o que sinto de veras. Pero, vaia, claro que me gustaría estar ao lado de Blanco Amor, de Ferrín... Dos máis recentes, que é a pregunta, e centrándome na narrativa, estaría ben con Manolo Rivas, Riveiro Coello, Gonzalo Navaza, Estro Montaña, Fernández Naval, Bieito Iglesias, Xelís de Toro... Ademais, felizmente, ¡algúns deles reúnen a condición de ser moi bos escritores e mellores amigos!

**—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?**

¡Vaia pregunta máis pouco doada! Non sei, pero sempre busquei que a historia que conto estivese moi acompañada por unha tensión na linguaxe que tivese a mesma, ou máis, intensidade que o propio fío argumental.

**—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?**

Son moi ecléctico niso. Ademais, por motivos profesionais, leo moita historia e historia da literatura. Por puro e duro pracer, leo cousas moi variadas. ¿Regresar con quen? Sempre con García Márquez —aínda que estilisticamente non me interesa nada; quero dicir, ten un estilo tan marcado que se pretendes imitalo, afogas—, Joseph Roth, John Le Carré, o xenial Conrad, London... e dos nosos, sempre Blanco Amor e Ferrín.

**—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?**

¡O que lles falta é público! Hai xente que escribe moi, pero que moi ben. ¡O que lles sobra é esnobismo e a falta dunha crítica realmente crítica que separe de vez o trigo da palla!

**—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?**

Se soubese que o meu tempo se esgota, ¡sabe o demo como reaccionaría! ¡Eu que sei, meu! Pero non creo que me preocupase moito por aquilo que escribín ou deixei de escribir.

**—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?**

O que dicía máis arriba: hai xente que escribe moi ben, que, realmente, fai unha literatura de primeira. Desafortunadamente, a canda dela hai —mesturados todos nun caixón de xastre/desastre— cousas absolutamente infumables. A crítica —ou certos críticos— teñen o gusto estragado ou carecen do que hai que ter para peneirar voces e ecos, o que é decente do que é puro esnobismo. Iso impide que se consolide un público, á súa vez, con criterios formados, que todo pareza o mesmo e que, en consecuencia, cadaquén se poida situar onde lle corresponde. Pero, repito: non é problema dos escritores, senón daquilo que os rodea, ¡quede claro!